



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00015245G.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00013787H.

Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2022-SUPLE-02 por un monto global de VINTE SETE MIL SEISCENTOS DEZ EUROS CON CINCO CÉNTIMOS DE EUROS (27.610,05 euros) co obxectivo de dar cobertura á licitación do contrato de “Formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento” (2021/37369Y), financiado con baixas por anulación.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2022-SUPLE-02 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de VINTE SETE MIL SEISCENTOS DEZ EUROS CON CINCO CÉNTIMOS DE EUROS (**27.610,05 euros**) co obxectivo de dar cobertura á licitación do contrato de “Formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento”.

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-02 se contra el non se formulase ningunha reclamación, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-02 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00014795Z.

Expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-03 por importe de 266.600,00€ financiado con baixas por anulación.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-03_1 por importe de OITENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE

EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (**85.259,89 EUROS**) para adaptar os créditos existentes no proxecto á natureza do gasto de xeito que permita a execución da actuación “Mellora da accesibilidade en barrios desfavorecidos”, cofinanciada polo FEDER.

SEGUNDO: Aprobar a baixa do crédito, baixo o número de expediente 2022-SUPLE-03_II, por importe de CENTO OITENTA E UN MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS E ONCE CÉNTIMOS (181.340,11 EUROS) que está consignado na aplicación orzamentaria 030 15220 6220000 dentro do proxecto de gasto 2021 3 EDUSI 2 como achega municipal financiado con préstamo a concertar no 2022.

TERCEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-03_III por importe de CENTO OITENTA E UN MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS E ONCE CÉNTIMOS (181.340,11 EUROS), condicionado á aprobación do punto anterior, para dar cobertura á achega municipal da actuación “Mellora da accesibilidade en barrios desfavorecidos”, cofinanciada polo FEDER

CUARTO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Ampliación do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal ata o 22/04/2022 ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP.

Acordase ampliar o prazo de execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal ata o 22/04/2022 ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP. Esta ampliación non é óbice para que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista; así como notificar este acordo ao contratista e á dirección facultativa da obra.